



XOVES

I+D+i

Estimado/a amigo/a:

O vindeiro 3 de decembro celebrarase a xornada “**Oportunidades no Horizon 2020: Saúde, Bioeconomía e Envellecemento Activo**”, organizada pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) e o Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), dentro do ciclo de presentacións das oportunidades de financiamento no marco do programa da Comisión Europea Horizon 2020.

Esta xornada, que terá lugar no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) en Santiago de Compostela, aglutina **dous retos sociais** do programa de I+D+i da Comisión: **o reto social Saúde** e **o reto social Bioeconomía e Liderado en tecnoloxías facilitadoras e industriais en Biotecnoloxía**. O seu obxectivo é presentar aos axentes do Sistema Galego de Innovación as oportunidades de financiamento que ofrece o programa Horizon 2020 e as principais claves para ter éxito, así como describir as ferramentas de apoio que GAIN pon a disposición dos interesados en presentar propostas.

Aquelas persoas e/ou entidades que teñan unha proposta de proxecto a unha **convocatoria aberta** dentro dun destes dous retos poderán manter unha **reunión bilateral** cun técnico de CDTI, para revisar a proposta, ou cun técnico de GAIN, para resolver dúbidas sobre os instrumentos de apoio á participación galega en programas europeos de I+D.

O programa e o formulario de inscrición están dispoñibles no seguinte **enlace**. Se desexas manter unha reunión bilateral deberás enviar cumprimentada a ficha de información dispoñible na mesma web ao correo electrónico informa.gain@xunta.es, agás aqueles que xa a enviaron para a xornada que ía ter lugar o pasado 13 de novembro que

non teñen que volver enviala.

O evento poderá seguirse ademais por **videoconferencia** dende as cidades de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo, nos locais habilitados a tal efecto.

Agardamos que esta información sexa do teu interese, despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.